



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego

RP número 2025 / 30888 de 25/06/2025 de concesión definitiva subvencións concellos programa DP0043/2025

ANUNCIO

Referencia: DP0043/2025

Expediente: 2024000034337

Por resolución de Presidencia número 30888 de data 25 de xuño de 2025 aprobouse a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2025 (DP0043), co seguinte texto:

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCIÓNS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDO A CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2025 (DP0043)

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Mediante resolución da Presidencia número 17110 de 9 de abril de 2025, publicada no BOP do 15 de abril de 2025 procedeuse a conceder, de forma provisional, as subvencións da convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2025 (DP0043), abrindo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes puidesen comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación ou de cambio de obxecto da subvención, presentar alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formulase desistencia expreso, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

SEGUNDO.- Polos seguintes solicitantes presentáronse alegacións no prazo indicado, baseándose nos motivos que así mesmo se indican:

1.-O concello de A Baña presenta reformulación da solicitude e emenda de erros consistente en modificación do importe solicitado e o coeficiente de financiamento da Deputación.

A respecto desta alegación, cómpre indicar que na concesión provisional non se admitiu a solicitude xa que "o importe solicitado é superior ao que se prevén nas Bases de convocatoria".

Non é posible admitir esta reformulación, xa que non se trata dunha reformulación senón dun cambio de importe solicitado e polo tanto, do coeficiente de financiamento.

A entidade alude ademais da reformulación, como alegación, a comisión dun erro.

Respecto desta argumentación, cómpre indicar que non se pode admitir, xa que nesta convocatoria que foi obxecto de modificación, abriuse un novo prazo para que os concellos puideran volver a presentar a súa solicitude e modificar a presentada, non facendo o concello uso deste prazo.

Fíxose unha notificación na que se indicaba que se estaba solicitando un importe maior do admitido polas bases específicas e concello a través do seu representante ratificou a súa petición.

Modificar a súa solicitude con carácter posterior implica a modificación de aspectos que foron determinantes para a non concesión da axuda, e polo tanto, non se pode admitir a corrección da documentación ao modificar o contido da solicitude inicial que foi non admitida.

Desestímase a alegación xa que non se desvirtúa a fundamentación da concesión provisional.

2.-Polo concello de Val do Dubra presentáronse alegacións a valoración da Comisión que foron estimadas, de acordo a acta que se achega ao expediente.

Estimáronse as alegacións pola Comisión de valoración

3.- Polo concello de Neda, fórmulanse alegación consistente en indicar que por erro na documentación presentada inicialmente informouse que non existían inscricións nos epígrafes do IAE que constan nas bases específicas. Eméndase coa documentación que se achega.

Estímase a alegación por non supoñer unha modificación da súa solicitude inicialmente formulada respecto ao importe solicitado, coeficiente e obxecto a subvencionar.

4.- Polo concello de Brión, preséntase alegación indicando erro na documentación presentada. Non se achegaba documentación relativa ao acordo adoptado polo concello.

Non se fixo o requirimento da falta de documentación.

Estímase a alegación xa que consta decreto da Alcaldía (15 de xaneiro de 2025) de modificación da solicitude, emitido dentro do novo prazo establecido para a presentación de solicitudes. Na memoria que se presentara xa constaba a solicitude de acordo ao decreto da Alcaldía e o detalle do novo orzamento, así como o importe da subvención solicitada.

5.-O concello de Sobrado presenta reformulación da solicitude consistente en modificación do importe solicitado, orzamento e o coeficiente de financiamento da Deputación.

A respecto desta alegación, cómpre indicar que na concesión provisional non se admitiu a solicitude xa que o importe solicitado na modificación presentada non chegaba ao mínimo establecido nas Bases de convocatoria.

Non é posible admitir esta reformulación, xa que non se trata dunha reformulación senón dun cambio do orzamento, do importe solicitado e polo tanto, do coeficiente de financiamento.

Nesta convocatoria que foi obxecto de modificación, xa se procedeu a apertura dun novo prazo para que os concellos puideran volver a presentar a súa solicitude e modificar a mesma. Fíxose a modificación e esta presentouse cunha solicitude por un importe que non chegaba ao mínimo a subvencionar. Modificar a súa solicitude con carácter posterior implica a modificación de aspectos que foron determinantes para a non concesión da axuda, e polo tanto, non se pode admitir a modificación do contido da solicitude modificada que foi non admitida.

Desestímase a alegación xa que non se desvirtúa a fundamentación da concesión provisional.

6.-O concello de Culleredo presenta tamén reformulación da solicitude consistente en modificación do importe solicitado e o coeficiente de financiamento.

Non é posible admitir esta reformulación, xa que non se trata dunha reformulación senón dun cambio de importe solicitado e polo tanto, do coeficiente de financiamento.

Nesta convocatoria que foi obxecto de modificación, xa se procedeu a apertura dun novo prazo para que os concellos puideran volver a presentar a súa solicitude e modificar a mesma, non facendo o concello uso deste prazo. Modificar a súa solicitude con carácter posterior implica a modificación de aspectos que foron determinantes para a non concesión da axuda.

Desestímase a alegación xa que non se desvirtúa a fundamentación da concesión provisional.

7.-O concello de Carral presenta recurso solicitando a revogación da resolución impugnada (a de concesión provisional), admitindo a solicitude e consecuentemente a modificación do importe solicitado.

A respecto desta alegación, cómpre indicar que na concesión provisional non se admitiu a solicitude xa que o importe solicitado na modificación da solicitude non chegaba ao mínimo establecido nas Bases de convocatoria.

Nesta convocatoria que foi obxecto de modificación, xa se procedeu a apertura dun novo prazo para que os concellos puideran volver a presentar a súa solicitude e modificar a mesma, non facendo uso o concello deste novo prazo. Modificar a súa solicitude con carácter posterior implica a modificación de aspectos que foron determinantes para a non concesión da axuda, e polo tanto, non se pode admitir a modificación do contido da solicitude inicial que foi non admitida.

Sinala o concello que o cambio que se fixo nas bases non foi obxecto de suficiente difusión ou advertencia expresa.

Cómpre indicar que a modificación foi obxecto de publicación a través do BOP número 243 de data 18/12/2024, onde figura xa publicado o extracto da convocatoria e apertura de novo prazo para a modificación das solicitudes presentadas.

A maiores, é de observar que se fixeron avisos aos concellos da existencia da modificación das bases e nova apertura de prazo de solicitudes.

En concreto, para o concello de Carral, figura o que se sinala de seguido:

Aviso novo prazo para modificación de solicitudes presentadas (DP0043/2025) recibido nos correos electrónicos corporativo e persoal dun dos membros do concello, coa recepción o 23/12/2024 ás 12:06.

Aviso de modificación Bases do programa DP0043/2025 e novo prazo.

Recibido nos correos electrónicos nos correos electrónicos corporativo e persoal dun dos membros do concello , coa recepción o 05/12/2024 ás 15:12.

Desestímase a alegación xa que non se desvirtúa a fundamentación da concesión provisional.

8.-O concello de Ares, presenta alegacións, baseadas na repercusión económica da celebración do evento, o seu legado arquitectónico, cultural, a antigüidade, e a asignación de puntos escasa tendo en conta que as bases asignan xa 55 puntos aos concellos solicitantes que teñan casco histórico ou soliciten para festa de interese turístico. Así mesmo, solicítase o cambio do coeficiente, reformulando a solicitude

Non é posible admitir esta reformulación, xa que non se trata dunha reformulación senón dun cambio do coeficiente de financiamento. Modificar a súa solicitude con carácter posterior implica a modificación de aspectos que foron determinantes para a non concesión da axuda, e polo tanto, non se pode admitir a modificación do contido da solicitude inicial que foi non admitida.

Desestímase a alegación xa que non se desvirtúa a fundamentación da concesión provisional.

Vistos o informe do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

1º.- Desestimar as alegacións presentadas polos concellos indicados no punto SEGUNDO, números 1, 5,6,7,8 dos Antecedentes polos motivos que así mesmo se indican.

2º.- Aprobar a concesión das subvencións correspondentes ao programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2025, seguintes:

Solicitudes	Importe subvención	Coeficiente	Presuposto Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: CONCELLO DE AMES NIF: P1500200I Cod. Exp.:2025000000773 Obxecto: INNOVAMES 2025. Impulso Económico e Innovación para o Futuro Local	10.868,22€	0,3000	36.227,40€
Beneficiario: CONCELLO DE ARTEIXO NIF: P1500500B Cod. Exp.:2024000046241 Obxecto: III MERCADO DE NADAL E ACENDIDO DE LUCES 2025	17.500,00€	0,3500	50.000,00€
Beneficiario: CONCELLO DE BETANZOS NIF: P1500900D Cod. Exp.:2024000046387 Obxecto: ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2025 A DESENVOLVER POR PARTE DO CONCELLO DE BETANZOS.	30.000,00€	0,6013	49.889,00€
Beneficiario: CONCELLO DE BRION NIF: P1501300F Cod. Exp.:2024000046579 Obxecto: BRIÓN; UN XARDÍN COMESTIBLE	7.800,00€	0,3000	26.000,00€
Beneficiario: CONCELLO DE CORCUBION NIF: P1502800D Cod. Exp.:2024000046644 Obxecto: CAMPAÑA DE NADAL EN CORCUBION 2025	16.070,13€	0,7950	20.214,00€
Beneficiario: CONCELLO DE CORISTANCO NIF: P1502900B Cod. Exp.:2024000045700 Obxecto: XLIII FESTA DA PATACA	30.000,00€	0,6000	50.000,00€
Beneficiario: CONCELLO DE FENE NIF: P1503600G Cod. Exp.:2024000045240 Obxecto: ACTIVIDADES DE FOMENTO E DINAMIZACIÓN DO SECTOR ECONÓMICO E TURÍSTICO	10.000,00€	0,2000	50.000,00€
Beneficiario: CONCELLO DE MELIDE NIF: P1504700D Cod. Exp.:2024000046156 Obxecto: PROMOCIÓN DO COMERCIO E FESTA DO MELINDRE E DA REPOSTARÍA TRADICIONAL DA TERRA DE MELIDE	30.000,00€	0,7500	40.000,00€
Beneficiario: CONCELLO DE MIÑO NIF: P1504900J Cod. Exp.:2024000046614 Obxecto: MIÑO: Promoción Económica En CaMiño	10.000,00€	0,2000	50.000,00€
Beneficiario: CONCELLO DE MUGARDOS NIF: P1505200D Cod. Exp.:2024000045412 Obxecto: XXXIII FESTA DO POLBO DE MUGARDOS	30.000,00€	0,6000	50.000,00€

Solicitudes	Importe subvención	Coefficiente	Presupuesto Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: CONCELLO DE MUROS NIF: P1505400J Cod. Exp.:2024000046745 Obxecto: XX Xornadas de Cultura Mariñeira "Muros Mira ao Mar"	30.000,00€	0,6001	49.990,04€
Beneficiario: CONCELLO DE MUXIA NIF: P1505300B Cod. Exp.:2024000046915 Obxecto: XVII MERCADO RUTAS DO MAR	10.000,00€	0,2000	50.000,00€
Beneficiario: CONCELLO DE NARON NIF: P1505500G Cod. Exp.:2024000046559 Obxecto: PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO XXV OENACH ATLÁNTICO 2025	30.000,00€	0,6000	50.000,00€
Beneficiario: CONCELLO DE NEDA NIF: P1505600E Cod. Exp.:2024000046937 Obxecto: Festa do Pan de Neda 2025	26.910,40€	0,2319	33.638,00€
Beneficiario: CONCELLO DE NOIA NIF: P1505800A Cod. Exp.:2024000046993 Obxecto: Realización de actividades de promoción económica	30.000,00€	0,6925	43.320,00€
Beneficiario: CONCELLO DE ORDES NIF: P1506000G Cod. Exp.:2025000000767 Obxecto: XXXIV Festa do Campiñón do Concello de Ordes	15.000,00€	0,3000	50.000,00€
Beneficiario: CONCELLO DE PADERNE NIF: P1506500F Cod. Exp.:2024000046848 Obxecto: Feira GastroLexítimo 2025	7.327,80€	0,2000	36.639,00€
Beneficiario: CONCELLO DE PONTEDEUME NIF: P1507000F Cod. Exp.:2024000046864 Obxecto: I FEIRÓN DO QUEIXO EN PONTEDEUME	21.278,40€	0,8000	26.598,00€
Beneficiario: CONCELLO DE RIBEIRA NIF: P1507400H Cod. Exp.:2025000001610 Obxecto: Feira Artesanal e Mariñeira "ARTEMAR" - Festa do Polbo de Palmeira - Evento Turístico Gastronómico "Camiño dos Mitos e Lendas" - Rutas en Catamarán pola ría "Procesións do Carmen"	7.848,60€	0,3000	26.162,00€
Beneficiario: CONCELLO DE SADA NIF: P1507600C Cod. Exp.:2024000045703 Obxecto: Sardiñada das Festas San Roque 2025	30.000,00€	0,6002	49.980,00€
Beneficiario: CONCELLO DE SAN SADURNIÑO NIF: P1507700A Cod. Exp.:2024000046970 Obxecto: Subvencionar as celebracións da XXVIII Feira da Plantación e da XVI Feira Rural do ano 2025	5.200,00€	0,2000	26.000,00€
Beneficiario: CONCELLO DE TEO NIF: P1508300I Cod. Exp.:2024000046995 Obxecto: Feira de Artesanía e exaltación de produtos con DO 2025	5.000,00€	0,2000	25.000,00€
Beneficiario: CONCELLO DE VAL DO DUBRA NIF: P1508900F Cod. Exp.:2024000046780 Obxecto: PROMOCIÓN DAS FEIRAS DE ABRIL 2025	13.000,00€	0,2731	47.600,00€
Beneficiario: CONCELLO DE VIMIANZO NIF: P1509300H Cod. Exp.:20250000000367 Obxecto: PROMOCIÓN ECONÓMICA EN VIMIANZO 2025 (2)	30.000,00€	0,6000	50.000,00€
Beneficiario: CONCELLO DE ZAS NIF: P1509400F Cod. Exp.:2024000046940 Obxecto: CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL	8.400,00€	0,2000	42.000,00€
Beneficiario: CONCELLO DO PINO NIF: P1506700B Cod. Exp.:2024000045712 Obxecto: Festa do Galo Piñeiro e Mostra Cabalar do concello do Pino	30.000,00€	0,6833	43.905,63€

Total concedido 492.203,55€

3º.- Autorizar ás entidades que o solicitaron para que poidan concertar a execución do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria e no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (O importe subvencionable non pode exceder do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario).

4º.- Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0510/4142/46201, fase A, referencia nº 22025001209, operación número 220250000725, importe: 492.203,55€

5º.- Denegar a concesión das subvencións correspondentes ao programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2025 (DP0043), aos concellos seguintes polos motivos que se así mesmo se indican:

Solicitudes	Motivo
Beneficiario: CONCELLO DA BAÑA NIF: P1500700H Cod. Exp.: 2024000045177 Obxecto: Bases reguladoras do programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2025.	O importe solicitado é superior ao que se prevén nas Bases de convocatoria. (No escrito de aclaración subido ao expediente indica expresamente que " Efectivamente houbo un erro ao subir na plataforma Subtel o importe solicitado da subvención, sendo o correcto a cantidade de 33.200€ de subvención, dun total de gasto efectivo de 41.500€, correspondente a un financiamento do 80%.")
Beneficiario: CONCELLO DA CAPELA NIF: P1501800E Cod. Exp.: 2024000045156 Obxecto: ORGANIZACIÓN DA XXXV FESTA DO REQUEIXO ANO 2025	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (14 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DA LARACHA NIF: P1504200E Cod. Exp.: 2024000046917 Obxecto: CAMPAÑA PROMOCIÓN COMERCIO LOCAL A TRAVÉS DE: HORTA DA LARACHA 2025 Y EU MERCÓ NA LARACHA 2025	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (14 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL NIF: P1506800J Cod. Exp.: 2024000047008 Obxecto: Caramiñeando: programa de dinamización económica, comercial e social	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (14 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE ABEGONDO NIF: P1500100A Cod. Exp.: 2025000002243 Obxecto: ALUGUER ILUMINACIÓN DE NADAL E POBOADO NAVIDEÑO CONCELLO DE ABEGONDO	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (12 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE AMES NIF: P1500200I Cod. Exp.: 2024000046819 Obxecto: INNOVAMES 2025. Impulso Económico e Innovación para o Futuro Local	Presentáronse dúas solicitudes e, segundo a Base 6 das Xerais da reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, "no caso de presentación de varias solicitudes nunha mesma convocatoria, só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores". Esta presentouse coa data e hora : 20/11/2024 18:18, e a que se considera correcta presentouse o 10/01/2025 11:35
Beneficiario: CONCELLO DE ARES NIF: P1500400E Cod. Exp.: 2024000046020 Obxecto: FIESTA INDIANA 2025	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (14 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE ARZUA NIF: P1500600J Cod. Exp.: 2024000046454 Obxecto: actividades de promoción económica durante o ano 2025	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (13 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE BERGONDO NIF: P1500800F Cod. Exp.: 2024000046600 Obxecto: 3ª FASE DO PROXECTO DE PROMOCIÓN DO COMERCIO LOCAL "EN BERGONDO MELLOR"	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (18 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE BOIMORTO NIF: P1501000B Cod. Exp.: 2024000046928 Obxecto: 11ª edición Magreco - Feira de Maquinaria Agrícola e Forestal e Produtos Ecolóxicos.	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (40 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE BOIRO NIF: P1501100J Cod. Exp.: 2024000046371 Obxecto: ACTIVIDADES REALIZADAS NA XVI EXALTACIÓN DO MEXILÓN	O importe solicitado na modificación da solicitude non chega ao mínimo establecido nas Bases:5.000,00.-euros. Se sinala na modificación como importe solicitado o de 3.053,95.-euros.

Solicitudes	Motivo
Beneficiario: CONCELLO DE CAMARIÑAS NIF: P1501600I Cod. Exp.: 2024000046414 Obxecto: CAMARIÑAS IMPULSA 2025 Programa de desenvolvemento económico e promoción comercial e hostaleira de Camariñas	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (13 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE CAMBRE NIF: P1501700G Cod. Exp.: 2025000002252 Obxecto: Organización do mercado galaico romano con ocasión da VII romaría galaico romana Galaicoi - 18, 19 e 20 de xullo de 2025	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (25 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE CARBALLO NIF: P1501900C Cod. Exp.: 2024000047018 Obxecto: Festival Onda Bocata Fest	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (35 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE CARIÑO NIF: P1509500C Cod. Exp.: 2024000046580 Obxecto: XXII EDICION DA FESTA DA CALDEIRADA E DA SARDIÑA LAÑADA	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (13 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE CARNOTA NIF: P1502000A Cod. Exp.: 2024000044032 Obxecto: ACTIVIDADE DE PROMOCIÓN DO LOCAL " XII VINDEMO VER"	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (59 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE CARRAL NIF: P1502100I Cod. Exp.: 2024000046258 Obxecto: Festa empanada e campañas Carral 2025	O importe solicitado na modificación da solicitude non chega ao mínimo establecido nas Bases de convocatoria 5.000,00.- euros
Beneficiario: CONCELLO DE CEDEIRA NIF: P1502200G Cod. Exp.: 2024000047003 Obxecto: GASTOS CAMPAÑA EN NADAL EN CEDEIRA	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (14 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE CEE NIF: P1502300E Cod. Exp.: 2024000046939 Obxecto: DP0043 2025. Campaña de Nadal de promoción do comercio.	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (17 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE CERCEDA NIF: P1502400C Cod. Exp.: 2024000046812 Obxecto: FESTA DO COCHIÑO	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria(13 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE CULLEREDO NIF: P1503100H Cod. Exp.: 2024000046925 Obxecto: II FEIRA DE OPORTUNIDADES DO COMERCIO DO CONCELLO DE CULLEREDO	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (19 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE FISTERRA NIF: P1503800C Cod. Exp.: 2024000044506 Obxecto: CAMPAÑA DE NADAL 2025	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (38 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE FRADES NIF: P1503900A Cod. Exp.: 2024000046968 Obxecto: EVENTOS DE PROMOCIÓN DA ECONOMÍA LOCAL DE FRADES	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (14 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE LAXE NIF: P1504100G Cod. Exp.: 2024000045228 Obxecto: DESENVOLVEMENTO DE CAMPAÑAS DE PROMOCIÓN DO COMERCIO E A HOSTALERÍA DO CONCELLO DE LAXE 2025	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (13 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS NIF: P1504400A Cod. Exp.: 2024000046709 Obxecto: MERCANADAL E CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN MERCADO MUNICIPAL DE MALPICA 2025	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (14 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE MOECHE NIF: P1505000H Cod. Exp.: 2024000047015 Obxecto: Organización e realización da VII Feira do Queixo de Moeche o 16 de marzo de 2025	O importes solicitado non chega ao mínimo establecido nas Bases de convocatoria:5.000,00.-euros. Se sinala no certificado de modificación da solicitude como importe solicitado o de 4.600,00.-euros.

Solicitudes	Motivo
Beneficiario: CONCELLO DE NEGREIRA NIF: P1505700C Cod. Exp.:2024000046981 Obxecto: PROMOCION ECONOMICA 2025 NEGREIRA	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (13 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE OLEIROS NIF: P1505900I Cod. Exp.:2024000046528 Obxecto: ACTIVIDADE DE DINAMIZACION DA HOSTELERIA LOCAL (MUSICA NA RÚA) E DE EXALTACIÓN DA APICULTURA (FEIRA DO MEL)	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (24 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE ORTIGUEIRA NIF: P1506200C Cod. Exp.:2024000046646 Obxecto: Feira Internacional de Artesanía e produtos das nacións celtas.	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (14 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE OUTES NIF: P1506300A Cod. Exp.:2024000045928 Obxecto: ACTIVIDADES DE PROMOCION ECONOMICA 2025	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (14 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE PADRON NIF: P1506600D Cod. Exp.:2025000002077 Obxecto: Campaña Nadal en Padrón 2025	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria(58 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE PONTECESO NIF: P1506900H Cod. Exp.:2024000046424 Obxecto: "Feira das fabas". Promoción económica da faba como produto local e exaltación gastronómica da mesma.	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria(19 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE RIANXO NIF: P1507300J Cod. Exp.:2024000046799 Obxecto: FESTA DA XOUBA DE RIANXO 2025	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria(14 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE RIBEIRA NIF: P1507400H Cod. Exp.:2024000046613 Obxecto: PROMOCION ECONOMICA 2025	Presentáronse dúas solicitudes e, segundo a Base 6 das Xerais da reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, "no caso de presentación de varias solicitudes nunha mesma convocatoria, só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores" Presentouse unha coa data 20/11/2024 as 10:48 horas, e a que se considera correcta é a presentada coa data 15/01/2025 ás 10:17 horas .
Beneficiario: CONCELLO DE ROIS NIF: P1507500E Cod. Exp.:2024000046498 Obxecto: DINAMIZACION ECONOMICA ROIS 2025	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (11 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE SOBRADO DOS MONXES NIF: P1508100C Cod. Exp.:2024000046011 Obxecto: XXIV Feira da Troita 2025	O importe solicitado na modificación da solicitude non chega ao mínimo establecido nas Bases de convocatoria:5.000,00.- euros. Se sinala no certificado do Decreto da Alcaldía como importe solicitado o de 4.600,00.- euros
Beneficiario: CONCELLO DE VEDRA NIF: P1509000D Cod. Exp.:2024000045707 Obxecto: CAMPAÑAS DE PROMOCION DE PRODUCTOS LOCAIS, SON VEDRA 2025	Presentáronse dúas solicitudes e, segundo a Base 6 das Xerais da reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, "no caso de presentación de varias solicitudes nunha mesma convocatoria, só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores". Presentouse unha coa data 13/11/2024 as 14:20 horas, e a que se considera correcta é a presentada coa data 10/01/2025 ás 13:07 horas.
Beneficiario: CONCELLO DE VEDRA NIF: P1509000D Cod. Exp.:2025000000809 Obxecto: CAMPAÑA DE PROMOCION DE PRODUTOS LOCAIS, SON VEDRA 2025	Non acadar o mínimo de 60 puntos establecido na Base número 8 das Bases específicas da convocatoria (40 puntos)
Beneficiario: CONCELLO DE VIMIANZO NIF: P1509300H Cod. Exp.:2024000046884 Obxecto: PROMOCIÓN ECONÓMICA EN VIMIANZO 2025	Presentáronse dúas solicitudes e, segundo a Base 6 das Xerais da reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, "no caso de presentación de varias solicitudes nunha mesma convocatoria, só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores". Esta presentouse coa data e hora :21/11/2024 10:17, e a que se considera correcta presentouse o 07/01/2025 08:53

6º.- Publicar a presente resolución definitiva no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña

lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, a 26 de xuño de 2025

O Presidente

Valentín González Formoso

O Secretario xeral,

Miguel Iglesias Martínez

2025/4242